



SESION ORDINARIA DE 28 DE MAIO DE 2024

(Acta número 06)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

- D. Efrén Castro Caloto
- D^a. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Osorio
- D^a. Carmen José López Rodríguez
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D^a Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvariño
- D^a. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de maio de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste a señora Deputada dona María del Carmen López Moreno.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	1/26



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=2>


2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA APOIO AO COLECTIVO DE PERSOAS CON ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA (ELA) GALEGAS.

Logo de ver a Declaración Institucional, para apoio ao colectivo de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) galegas, do seguinte teor:

“O pasado 12 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de todas as forzas políticas representadas no arco parlamentario estatal, admitir a trámite a proposición da Lei ELA. Dita aprobación supón que os lexítimos representantes da soberanía nacional da que emanan os poderes do noso Estado, tal e como recolle o artigo 1.2 da Constitución Española (en adiante CE), asumen como propia a necesidade de que os afectados por esta cruel doenza, os seus familiares e cuidadores, sexan amparados, en igualdade de trato co resto de enfermos de calquera patoloxía, coa cobertura sociosanitaria que precisan para poder vivir coa dignidade que merecemos nun Estado que, xa na súa norma fundamental, recolle a obriga dos poderes públicos de garantir un sistema de atención ás persoas con discapacidade (art. 49 da CE);ou na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, cando regula as condicións básicas de promoción de dita autonomía e atención mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas; ou na Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública que, dentro dos seus principios xerais, especifica que as administracións públicas, estarán suxeitas ao principio de equidade, de tal xeito que as políticas, plans e programas que teñan impacto na saúde da poboación promoverán a diminución das desigualdades sociais en saúde, prestando atención específica ás necesidades das persoas con discapacidade.

O 12 de marzo foi, sen ningunha dúbida, un día para o recoñecemento e gratitude polo traballo realizado dende hai tanto tempo polas asociación de afectados e entidades colaboradoras que, coñecedoras de primeira man da dura realidade desta enfermidade, non teñen deixado de loitar arreo paragarantir algo tan básico como a

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	2/26





vida, dereito sen o cal, o noso estado social, o noso estado de dereito e o noso estado do benestar vense abaixo sen remedio. Como galegos e galegas, é un orgullo para todos nós que a asociación AGAELA (Asociación Galega de Afectados pola Esclerose Lateral Amiotrófica, declarada de utilidade pública pola Xunta de Galicia no ano 2023), fora unha das que encabezou esta loita e que estivese representada na xornada de presentación da proposta de lei, levada a cabo no Congreso dos Deputados este pasado 20 de febreiro.


O 12 de marzo tamén foi un día para a renovación da esperanza dos afectados/as directa ou indirectamente por unha patoloxía neurodexenerativa, sen cura e sen tratamento hospitalario, que fai recaer toda a carga do coidado do enfermo/a na súa rede persoal de apoio (familia, amigos, coidadores/as) sen esquecer que a nosa actual configuración social e demográfica, fai que moitos deles carezan incluso dese recurso básico imprescindible para a súa vida.

Dende esa data, dúas proposicións máis foron aprobadas de xeito unánime polo Congreso dos Deputados. Aínda que ditas aprobacións reflicten en si mesmas a concienciación da clase política coa situación dos afectados pola ELA, non poden supoñer unha loita entre as distintas forzas que presentaron cadansúa proposta. Ao contrario, dita concienciación debe implicar que se traballe coordinando esforzos e recollendo de cada proposta o máis axeitado para a defensa dos máis que entendibles intereses docolectivo ao que se dirixirá a norma final.

Desgraciadamente, un enfermo/a de ELA non só precisa dunha estrutura forte e comprometida de apoio humano, que ten que deixar todo atrás para a atención 24 horas que precisa o afectado/a, senón que a carga económica que implica a dependencia enerxética, a tipoloxía e duración dos coidados necesarios, os produtos de apoio básicos para a vida diaria, a reforma e adaptación dos fogares para facer fronte a unha realidade tan inesperada como devastadora e inevitable, fan imposible afrontar os custos mínimos non xa para manter unha vida de calidade, senón, simple e desgraciadamente, a vida mesma.

Precisamente por todo o exposto ata o de agora, a xusta reivindicación social non pode volver ser anulada por trámites burocráticos, por deixamento lexislativo ou por establecemento doutras prioridades. Todos os mortos dende a paralización e posterior decaemento da anterior proposición de lei, presentada en novembro de 2021 e aprobada tamén por unanimidade en marzo de 2022, interpélanos de xeito directo. As administracións deben dar resposta de xeito inmediato aos que xa non están con nós e a todos os que día a día incrementan a cruenta lista de novos diagnosticados, persoas que non teñen nin color, nin ideoloxía política.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	3/26



O sistema legislativo español é claro respecto ás competencias sanitarias, e as diversas leis que identifican ditas competencias e as atribúen ben ó Estado Español, ben ás Comunidades Autónomas, non deixan dúbida da importancia que ese eido competencial ten no día a día da nosa veciñanza.

É certo que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non reconece competencias sanitarias aos concellos, como esta Deputación Provincial, pero esta corporación entende que as Deputacións non podemos, non debemos, e non queremos darlle as costas a aqueles que máis precisan do noso compromiso público para superar o seu día a día.

Con esta visión como punto de referencia, esta Deputación Provincial de Lugo quere empregar a súa voz oficial, que sempre debería ser a súa voz máis humana, para facer chegar unha petición alta e clara ao conxunto dos membros das Cortes Xerais españolas: recae en vostedes un mandato que debe ser entendido coma un privilexio e ser exercido coa eficacia e eficiencia que debe rexer o funcionamento xeral das administracións públicas. O seu privilexio, outorgado por todos os/as cidadáns españois, é legislar para salvar vidas. Non existe norma, sexa do contido que sexa, que poida ser considerada prioritaria fronte a aquelas que, como esta proposición de lei, buscan unicamente evitar a morte innecesaria e inxusta dos enfermos/as, o esgotamento dos recursos propios e familiares na súa atención, e a desesperación dos afectados que se senten culpables dos estragos que a súa doenza causa naqueles que están a dar a vida por eles día tras día. Existe algunha causa máis nobre que encabezar a loita contra esta inxustiza? Existe algunha consideración legal, procedemental ou administrativa que non só non apoie esta causa, senón que a sustente e a impulse como condición básica para que o exercicio da política cobre o seu máis verdadeiro, puro e inestimable significado?

Por todo isto a Deputación Provincial de Lugo declara que nos próximos 30 días dará traslado ao poder legislativo estatal para que proceda a tramitación de xeito preferente, urxente e prioritario dunha proposición de lei que recolla as mellores achegas de cada unha das normas aprobadas unanimemente e non esqueza que a garantía dos coidados 24/7 deben constituír a base fundamental da futura lei.

Ademais, comprométese a continuar prestando apoio público á reivindicación legal contida nesta declaración institucional, ata o momento en que a norma sexa publicada e entre en vigor.

Esta Deputación Provincial está disposta a continuar colaborando cos afectados pola ELA e dentro das súas posibilidades, poñendo a súa disposición o asesoramento técnico dos Servizos Sociais provinciais á hora de tramitar todas aquelas axudas e/ou prestacións establecidas para a mellora da calidade de vida dos/as

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	4/26





enfermos/as e as súas familias, sexan de ámbito municipal, autonómico, estatal ou europeo, para aqueles enfermos/as que sexan da provincia de Lugo.

Mediante a aprobación desta declaración institucional, a Deputación Provincial de Lugo invita a todos os municipios lucenses a que se unan a esta necesaria reivindicación e amosen publicamente o seu apoio ao colectivo de afectados pola ELA. Os/as enfermos/as, as súas familias, as súas asociacións e entidades colaboradoras teñen feito un exercicio exemplar de dignidade, de superación e de valoración da vida: é a hora de que os poderes públicos nos poñamos á súa altura”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=3>

PARTE RESOLUTIVA

3.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEFENSA DO USO DA LÍNGUA GALEGA E EN DEMANDA DA SÚA PROMOCIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno en defensa do uso da lingua galega e en demanda da súa promoción

Exposición de Motivos:

Todos os estudos sociolingüísticos feitos nos últimos tempos conveñen na perigosa situación da nosa lingua, por mor de falta de transmisión interxeracional, a reconsolidación de vellos prexuízos e a existencia dunha capa cada vez maior de persoas que non gozan de contacto habitual coa nosa lingua. Con todo, a situación aínda é reversíbel, se nos dotarmos dunha política lingüística seria, respectuosa coa diversidade e os dereitos, decidida e valente. Cómpre reiniciar un novo camiño de impulso normalizador.

Consideramos que é o momento de construír un grande acordo nacional pola lingua galega, que consiga un consenso amplo de todos os axentes políticos, económicos e sociais galegos

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	5/26



para revertir a tendencia de perda de falantes que se vén dando na última década de forma moi acusada.

Debe existir unha perspectiva de lingua que axude a que se teña en conta o fomento do uso e do prestixio do galego en canta acción e manifestación de goberno se poida introducir: deseño e execución de proxectos e programas de todos os ámbitos; elaboración de orzamentos; contratación de servizos, subministracións, obras e adjudicacións públicas; lexislación; I+D+i+transferencia; colaboración con outras entidades; medidas de fomento de todo tipo (axudas públicas, subvencións, premios...), cooperación transfronteiriza...

O obxectivo vertebrador da planificación lingüística é a normalización da lingua galega, un proceso progresivo e diverso consonte a realidade sociolingüística galega.

A prioridade da normalización é chegar a todos os aspectos da vida; mais, á vista da realidade actual de emerxencia lingüística que todos os estudos presentan, cómpre priorizar ámbitos de actuación:

1. Infancia e mocidade: son os falantes do futuro. Cómpre que teñan unha formación plurilingüe acorde coas necesidades dun mundo global, mais é fundamental que sexan competentes desde o noso idioma, propio e oficial, e que desenvolvan sensibilidade e conciencia para posibilitar a continuidade do galego.


2. Sector socioeconómico e relacións laborais, empresariais e comerciais: promoción de estímulos para incorporar o galego no ámbito laboral, para que se vexa a utilidade de aprendelo desde a infancia. A administración debe non só implantar medidas para se converter nun modelo de referencia lingüístico-laboral (facer efectivo o principio de oferta positiva, regulación de usos lingüísticos nas propias administracións públicas, introdución de perfís lingüísticos para a selección e o desempeño, defender o dereito ao atendimento en galego nos organismos de ámbito estatal etc.), senón tamén cumprir o seu papel dinamizador no mundo económico e do traballo:

3. A comunicación e as novas tecnoloxías: a posta en valor dunha lingua minorizada debe priorizar a súa presenza naqueles espazos de comunicación máis contemporáneos e prestixiados socialmente e, á vez, máis cotiáns e habituais, á vez que se debe garantir a información da sociedade na lingua propia do país.

O impulso da política lingüística conduce á necesidade de revisar e actualizar o marco lexislativo, nomeadamente a Lei de normalización lingüística de 1983, para acompasala aos tempos actuais e introducila nos diversos ámbitos de actuación.

Para poder executar esta política, débense crear estruturas técnicas estables, plans de traballo a longo prazo para que a acción en normalización lingüística teña continuidade, coa necesaria dotación de medios técnicos, humanos e económicos. Non só se trata de ampliar (transversalmente) ou reformular o orzamento destinado á política lingüística, dramaticamente recortado nos últimos quince anos (o 61% menos de orzamento que en 2009), senón tamén de dotarse de recursos con carácter estrutural (organización, persoal

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	6/26





técnico, redes...), minúsculos na actualidade, para poder executar a política lingüística con eficiencia, eficacia e coa necesaria coordinación e colaboración co resto de administracións e organismos.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos:

1.- Instar a Xunta de Galiza á elaboración dunha nova Lei de Normalización Lingüística, que actualice e adapte á realidade da sociedade galega actual e dos entornos sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais o texto de referencia para a normalización social do galego.

2.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración dun novo decreto para os usos lingüísticos no ensino, de maneira que se substitúa canto antes o nefasto Decreto do Plurilingüismo, por un Decreto para a Igualdade Lingüística no Sistema Educativo.

3.- Demandar á Xunta de Galiza á creación dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, participada por entidades encargadas da coordinación das actuacións nesa materia, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos; coordinando o Goberno galego co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.

4.- Instar á Xunta de Galiza a que o orzamento adicado as políticas lingüísticas relacionadas co galego recupere como mínimo os niveis do ano 2009. Potenciando o investimento en contidos dixitais de calidade, en galego, dirixidos á mocidade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	7/26



Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=4>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UNHA LIÑA DE AXUDAS ESPECÍFICA PARA OS PRODUTORES DE VITICULTURA HEROICA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia unha liña de axudas específica para os produtores de viticultura heróica.

Boa parte das eivas que sofre o agro galego derivan da incapacidade da Xunta para planificar estratexias de desenvolvemento aquelasadas ó século XXI. Medidas que conxuguen a posta en valor pola tradición ca aposta pola modernización. Que teñan en conta as circunstancias excepcionais de moitas actividades e convertan esa excepcionalidade nun motor de desenvolvemento e non nunha limitación. Por desgracia, cando a un conselleiro que apostaba por visitar “aldeas modelo” calzado con zapato de salón, o substitúe unha conselleira que pensa que queimar os montes é parte do adn dos galegos e galegas, as perspectivas non poden resultar ilusionantes.

Isto é o que ocorre ca actividade vinícola da Ribeira Sacra, unha das denominacións de orixe con maior potencial da nosa comunidade, que non obtén da Xunta a atención que as súas peculiaridades merecen. Estamos a falar, segundo datos de 2023, de 1.322 has, con 2.212 viticultores/as que se agrupan en 99 adegas. Moita desta actividade cae dentro do que se coñece como viticultura heroica, a que se desenvolve en terreos a máis de 500 metros de altitude, con pendentes de máis do 30% ou en bancais.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	8/26





Estas condicións físicas do terreo, a insolación, a situación ó abeiro do entorno fluvial, a calidade dos solos, danlle ós caldos da Ribeira Sacra a súa personalidade distintiva, pero gravan dun xeito importante a actividade dos e das produtores. Estamos a falar de parcelas nas que é, virtualmente, imposible a mecanización dos traballos, que se teñen que levar a cabo co traballo manual, tanto o coidado da vida, como a colleita.


Estamos a falar dunha actividade que, alén do seu impacto económico – uns 4,5M de litros producidos en 2023 – supón un dos sinais distintivos da paisaxe humana e cultural da Ribeira Sacra. Unha zona recoñecida como reserva da biosfera e que espera acadar nos despachos da Unesco a condición de Patrimonio da Humanidade da que xa goza no corazón dos milleiros de visitantes que ano tras ano a percorren.

A pesares disto, a Xunta de Galicia carece dunha liña de axudas específica para o mantemento e a promoción da viticultura heroica. Axudas que si existen en CCAA como Canarias, nas que as axudas por ha oscilan entre os 2.300 e os 2.500 euros. Outros países como Portugal, Italia e Alemaña, por citar só algúns exemplos europeos, adoptan tamén dende as administracións liñas de apoio específico e de promoción deste tipo de viticultura, ligada ás tradicións e chea de posibilidades de futuro non so no eido do viño, senón como parte das estratexias de promoción do noso rural.

Dende o Grupo Provincial Socialista mantemos un compromiso permanente co noso sector primario, polo seu peso no PIB e como sinal de identidade da nosa provincia. E entendemos que é tamén unha ferramenta fundamental para deseñar estratexias de futuro no rural. Do mesmo xeito, e dende un primeiro momento, fomos os e as socialistas quen apostamos por impulsar a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade. Dende eses presupostos, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Unha liña de axudas específicas para os produtores de viticultura heroica que teña en conta as dificultades específicas ás que se enfronta este tipo de produción vinícola, cun mínimo de 5.000€ por ha. para incentivar aos viticultores/as da Ribeira Sacra e en parcelas de mais do 35% de pendente media, cultiven viñedo en socalcos de muros de pedra, así como a imposibilidade de mecanizar o traballo ou os riscos e dificultades propios do traballo en pendente
- Que as axudas citadas sexan compatibles e se deseñen de xeito coordinado co conxunto de actuacións e medidas postas en marcha para promover a Ribeira Sacra e acadar o recoñecemento da mesma como Patrimonio da Humanidade”

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	9/26



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións , 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=5>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA MEDIDAS PARA ACONDICIONAR A ESTRADA LU-170 ENTRE PARGA E CABREIROS, NO CONCELLO DE XERMADE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta medidas para acondicionar a estrada LU-170 entre Parga e Cabreiros, no concello de Xermade.

O abandono e mal estado do firme da estrada LU-170 tenlle merecido o alcume da “estrada sempre esquecida” que lle adicou un coñecido periodista lucense hai non moitos anos nunha reportaxe periodística. Atrasos, obras anunciadas e non realizadas, pequenas actuacións parciais feitas con criterios electoralistas... a situación da vía que une Parga e Cabreiros pasando polo concello de Xermade é un exemplo da falta de compromiso da Xunta de Galicia ca rede viaria da nosa provincia.

Esta circunstancia é mesmo recoñecida por cargos do partido popular, como o ex alcalde de Xermade, Tomás Rodríguez, que no momento de deixar a política municipal recoñecía que o peor recordo era o de non ter acadado o amaño da estrada LU-170. Unha vía importante para os concellos de Xermade e Guitiriz, que sirve de enlace xa non nesa zona senón ca AG-64 cara o norte e coa A-6 cara o sur.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	10/26





Nun deses teatrillos ós que tan dados son os populares lucenses, en febreiro do ano 2021, despois de máis dunha década de abandono por parte dos gobernos de Núñez Feijóo, os deputados populares lucenses, Sandra Vázquez e José Manuel Balseiro, preguntaban á Xunta polo estado desta vía de titularidade autonómica. A súa pregunta viña motivada non pola preocupación polos veciños e veciñas, senón para preparar a axenda da entón conselleira Ethel Vázquez, que en abril do mesmo 2021 anunciaba obras de mellora. Unhas obras de mellora de 450.000€ que só ían actuar sobre 5,5km da vía, entre a intersección da Pena e Cabreiros.

Daquela, a conselleira anunciaba a intención de destinar 6M de euros dos fondos de reconstrución á realización de melloras na totalidade da estrada. Tres anos despois, a conselleira ten marchado do goberno, os cartos prometidos non apareceron por ningures e a estrada LU-170 segue ausente dos orzamentos da Xunta para a provincia e no estado de abandono que os veciños/as veñen denunciando con mobilizacións e queixas de xeito reiterado.

A aposta polo mantemento e a modernización das infraestruturas da nosa provincia é un obxectivo fundamental para o Grupo Provincial Socialista. Entendemos que só apostando pola mobilidade, os servizos públicos e a economía poderemos acadar un desenvolvemento sostible que garanta as oportunidades no rural e un equilibrio territorial. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Que impulse as obras de mellora integral de firme, cunetas e sinalización na totalidade do trazado da LU-170 que o precise, para garantir a seguridade dos veciños e veciñas de Lugo así como de todas as persoas que empregan esta vía”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=6>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICAR A LEI 6/2007, DE PORTOS DE GALICIA, PARA EXIMIR AOS

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	11/26



CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO PAGO POLA UTILIZACIÓN DOS TERREOS PORTUARIOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para solicitar á Xunta de Galicia a modificar a Lei 6/2007, de Portos de Galicia, para eximir aos concellos e entidades sen ánimo de lucro do pago pola utilización dos terreos portuarios.

Exposición de Motivos:

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, Galiza conta con 128 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través do ente público “Portos de Galicia”, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros seis, de maior dimensión e de interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao.


“Portos de Galicia”, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e avance dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia. Na Zona Norte, que é a que nos corresponde, xestiona 21 portos desde Ribadeo ata Redes.

O ente público “Portos de Galicia” ingresou no exercicio 2.022, último dato dispoñible na súa páxina web, en concepto de “Canons-Concesións e autorizacións”, un total de 2.889.364 euros.

Este apartado é o segundo que máis ingresos correntes proporciona a esta entidade anualmente, despois da taxa X-4 por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2.022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos de xestión ordinaria de “Portos de Galicia” nese ano (17.062.216 euros).

Porén “Portos de Galicia” non descompón cal é a cifra exacta correspondente ás concesión e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	12/26





O BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadador da *Lei 6/2007 de "Portos de Galicia"*, nas tarifas abusivas que se cobran pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local: como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria.

Esta situación afecta a concellos da comarca de A Mariña, especialmente nos concellos de Foz e Burela:

No concello de Foz, actividades coma o mercado semanal, as festas do Carme, as festas de San Lourenzo, a Festa Normanda, o desfile do Entroido, a Festa do Chícharo, as competicións deportivas de piragüismo, etc... e instalacións como a caseta do Servizo de Protección Civil, ou a caseta da Asociación Protectora de Animais. Todo isto supón para as arcas municipais un gasto de 120.000 € anuais en concepto de taxas pola ocupación de espazo para servizos públicos.

No concello de Burela, actividades como as Festas Patronais, a Feira do Bonito, o Encontro de Palilleiras, o Festival Osa do Mar, a Feira Expomar, e utilización de espazos coma no caso do local da Asociación de Xubilados "A Moncloa" ou o local da Oficina de Turismo supóñenlle ao concello un total de 15.000 € en concepto de taxas pola ocupación deses espazos para servizos públicos.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia a exención das taxas correspondentes ás preceptivas autorizacións para instalacións e actividades de lecer e similares contempladas na *Lei 6/2007 de "Portos de Galicia"*, propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no dominio público portuario".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	13/26



Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“2.- Instar a Portos de Galicia e á Xunta de Galicia a que cumpran coa maior celeridade posible os acordos tomados coa Federación Galega de Municipios e Provincia en setembro de 2021 e que remitan con urxencia a declaración de innecesariedade de terreos do dominio público portuario para continuar cos trámites de reversión, desafectación e modificación do deslinde marítimo-terrestre e os espazos portuarios en desuso sexan cedidos gratuitamente aos concellos.

3.- Reclamar a Portos de Galicia o importe devengado polos concellos en concepto de taxas portuarias por actividades e concesións con posterioridade ao 15 de outubro de 2021 en aqueles terreos dos que os concellos solicitaron a súa xestión”.

Tendo en conta que a emenda foi aceptada polo Grupo proponente, unha vez incluída na parte dispositiva, a moción queda do seguinte xeito:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para solicitar á Xunta de Galicia a modificar a Lei 6/2007, de Portos de Galicia, para eximir aos concellos e entidades sen ánimo de lucro do pago pola utilización dos terreos portuarios.


Exposición de Motivos:

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, Galiza conta con 128 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través do ente público “Portos de Galicia”, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros seis, de maior dimensión e de interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao.

“Portos de Galicia”, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e avance dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia. Na Zona Norte, que é a que nos corresponde, xestiona 21 portos desde Ribadeo ata Redes.

O ente público “Portos de Galicia” ingresou no exercicio 2.022, último dato dispoñible na súa páxina web, en concepto de “Canons-Concesións e autorizacións”, un total de 2.889.364 euros.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	14/26





Este apartado é o segundo que máis ingresos correntes proporciona a esta entidade anualmente, despois da taxa X-4 por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2.022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos de xestión ordinaria de “Portos de Galicia” nese ano (17.062.216 euros).

Porén “Portos de Galicia” non descompón cal é a cifra exacta correspondente ás concesión e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario.

O BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadador da *Lei 6/2007 de “Portos de Galicia”*, nas tarifas abusivas que se cobran pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local: como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria.

Esta situación afecta a concellos da comarca de A Mariña, especialmente nos concellos de Foz e Burela:


No concello de Foz, actividades coma o mercado semanal, as festas do Carme, as festas de San Lourenzo, a Festa Normanda, o desfile do Entroido, a Festa do Chícharo, as competicións deportivas de piragüismo, etc... e instalacións como a caseta do Servizo de Protección Civil, ou a caseta da Asociación Protectora de Animais. Todo isto supón para as arcas municipais un gasto de 120.000 € anuais en concepto de taxas pola ocupación de espazo para servizos públicos.

No concello de Burela, actividades como as Festas Patronais, a Feira do Bonito, o Encontro de Palilleiras, o Festival Osa do Mar, a Feira Expomar, e utilización de espazos coma no caso do local da Asociación de Xubilados “A Moncloa” ou o local da Oficina de Turismo supóñenlle ao concello un total de 15.000 € en concepto de taxas pola ocupación deses espazos para servizos públicos.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia a exención das taxas correspondentes ás preceptivas autorizacións para instalacións e actividades de lecer e similares contempladas na *Lei 6/2007 de “Portos de Galicia”*, propostas polas entidades locais

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	15/26



e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no dominio público portuario”.

2.- Instar a Portos de Galicia e á Xunta de Galicia a que cumpran coa maior celeridade posible os acordos tomados coa Federación Galega de Municipios e Provincia en setembro de 2021 e que remitan con urxencia a declaración de innecesariedade de terreos do dominio público portuario para continuar cos trámites de reversión, desafectación e modificación do deslinde marítimo-terrestre e os espazos portuarios en desuso sexan cedidos gratuitamente aos concellos.

3.- Reclamar a Portos de Galicia o importe devengado polos concellos en concepto de taxas portuarias por actividades e concesións con posterioridade ao 15 de outubro de 2021 en aqueles terreos dos que os concellos solicitaron a súa xestión”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=7>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO RETOME DE FORMA INMEDIATA AS XESTIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE FOLGOSO DO COUREL

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a tenor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	16/26





“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para que a Deputación de Lugo retome de forma inmediata as xestións para a construción do Centro de Atención a Maiores de Folgoso do Courel

Exposición de Motivos:

A corporación municipal do Concello de Folgoso do Courel dirixíase en xullo do 2015 á Deputación de Lugo para solicitar colaboración para a construción dunha residencia da terceira idade no municipio que permitise ofrecer atención aos maiores dun concello con gran dispersión xeográfica e poboación envellecida, contribuír a fixar poboación e crear postos de traballo.

Nese mesmo momento, o Concello aclaraba que estaba en disposición de ceder o solo e o edificio do antigo colexio de Folgoso libre de cargas e gravames para convertelo nun centro de atención a maiores e centro de día.

Tralo compromiso adquirido pola Deputación de Lugo, a alcaldesa ten solicitado no 2017 varias reunións co presidente desta institución e no mes de xuño deste mesmo ano presenta por rexistro o proxecto para a ampliación e reforma do edificio do colexio de Folgoso para centro de día a residencia da terceira idade.


En xullo do 2017 a alcaldesa solicitou, novamente, a sinatura do convenio para a realización do proxecto e construción do centro de atención a maiores na maior brevidade posible.

Finalmente, o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a “Construción de residencia e centro de día da terceira idade nese municipio (Centro de Atención a persoas maiores)” cun orzamento total de 1,4M€ (1,2M€ que serían achegados pola Deputación de Lugo e 200.000€, polo Concello de Folgoso do Courel) foi aprobado en marzo do 2018 e asinado o 1 de agosto de 2018.

Posteriormente, asináronse dúas addendas quedando establecida a licitación, remate e recibimento das obras con data límite 26 de xullo de 2025. As obras consistirán na demolición do edificio do colexio e a construción dun nova infraestrutura de 780m² con 52 prazas (32 de residencia e 20 de centro de día).

Coa cesión dos terreos formalizada en decembro do 2019 e a licenza municipal outorgada en xaneiro do 2022 -apenas unhas semanas despois de ser solicitada-, o Concello de Folgoso do Courel ten cumprido a súa parte.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	17/26



O último que puido saber sobre os avances para facer realidade a construción e posta en servizo deste centro foi en decembro do 2022 cando nunha reunión entre o Concello e o goberno provincial se lle trasladou a necesidade de revisar os prezos recollidos no proxecto para evitar que quedase deserta a licitación, como ocorreu noutros casos.

Ante a falta de avances nos últimos anos, a alcaldesa ten solicitado reunións co goberno provincial -a última en febreiro deste mesmo ano-, pero non obtivo ningunha resposta.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

Instar ao equipo de goberno provincial para que proceda a impulsar os trámites necesarios para iniciar de forma inmediata a construción do centro de atención a maiores de Folgoso de Courel”.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; ; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría, co voto de calidade do Presidente, a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	18/26





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=8>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA A IMPLICACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO IMPULSO Á RIBEIRA SACRA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para a implicación da Deputación de Lugo no impulso á Ribeira Sacra.

Exposición de Motivos:

O Consello do Patrimonio Histórico Español acordaba recentemente por unanimidade que a candidatura *Paisaxe da auga: Ribeira Sacra* sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

A Ribeira Sacra, catalogada como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural, é un territorio localizado nos canóns fluviais na confluencia dos ríos Sil e Miño, entre as provincias de Lugo e Ourense, e cunhas características propias marcadas pola súa singular paisaxe, polo seu patrimonio histórico-artístico e pola tradición vitivinícola (especialmente a que se coñece como viticultura heroica pola particularidade do cultivo de vides en socalcos) e que, na actualidade, se ampara na súa maioría baixo a Denominación de Orixe Protexida (DOP) Ribeira Sacra. Todas estas características fan deste un territorio cun destacado potencial turístico.

A colaboración entre distintas administracións, outras entidades ou colectivos sociais é fundamental para fortalecer a candidatura. E tamén é precisa para, no marco da estratexia da candidatura a Patrimonio Mundial, impulsar o desenvolvemento do territorio da Ribeira Sacra aproveitando as súas potencialidades e dar resposta aos retos actuais de sectores con fonda repercusión neste territorio como son o turístico e o vitivinícola. Algúns deles son a falta de rendibilidade e competitividade dos pequenos produtores vitivinícolas debido aos custes de explotación, a xestión de excedentes ou a regularización da situación de bodegas e instalacións.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	19/26



A diversificación da actividade das adegas pode constituír unha boa oportunidade para xestionar e potenciar a riqueza do territorio, por exemplo, a través do enoturismo xa que a gastronomía e o viño son un elementos importantes á hora de explorar un destino turístico.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial acorda que a Deputación de Lugo:

- 1.- Manifesta o seu apoio expreso á candidatura *Paisaxe da auga: Ribeira Sacra* para ser recoñecida como Patrimonio Mundial pola UNESCO.
- 2.- Apoie aos produtores e aos municipios da Ribeira Sacra e busque os apoios de todas as administracións afectadas como a Xunta de Galicia, o Goberno Central ou a Confederación Hidrográfica para afrontar os retos deste territorio.
- 3.- Impulse un Plan de mellora e mantemento da rede viaria provincial para favorecer o acceso aos recursos paisaxísticos, históricos e patrimoniais da Ribeira Sacra a través das vías de comunicación que son titularidade da institución provincial.
- 4.- Incremente os esforzos na sinalización, información, difusión e promoción turística da Ribeira Sacra, se implique na potenciación dos recursos propios deste territorio e na consolidación de iniciativas enoturísticas e emprendedoras.
- 5.- Axilice e apoie, dentro das súas competencias, a tramitación de expedientes relacionados coa regularización de adegas e instalacións vitivinícolas ou coa implantación de iniciativas empresariais no territorio da Ribeira Sacra respectuosas coa estratexia da candidatura a Patrimonio Mundial.
- 6.- Estude a posibilidade de reservar partidas orzamentarias para a creación dunha liña de axudas económicas de apoio ao emprendemento de novas iniciativas que xeren emprego e oportunidades na zona e ao mantemento de produtores da DOP Ribeira Sacra de forma complementaria a axudas xa existentes ou que poidan crearse doutras administracións”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	20/26





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; ; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría, co voto de calidade do Presidente, a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

O Pleno da Corporación queda enterado da constitución do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo o día dez do presente mes de maio.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=10>

10.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2024 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta do informe dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2024 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=11>

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	21/26



11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do primeiro trimestre de 2024 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=12>

12.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2024.

Dáse conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2024. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2024 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2024.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2024 e previsións a 31 de decembro de 2024

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUME ANUAL SOBRE O CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023.


Dáse conta do informe resume anual sobre o control interno do exercicio 2023. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=15>

15.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de abril de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1398 ao 1968. O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	22/26





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=16>

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=17>

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a comprobación e actuación en vías provinciais ao seu paso polo municipio de Riotorto, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O mal estado das vías de comunicación dificulta a mobilidade dos usuarios. No caso da nosa provincia son moitas as vías de titularidade da Deputación que empregan a diario os veciños e veciñas, polo que o seu estado repercute directamente no seu día a día.

No caso dos veciños e veciñas de Riotorto, sofren dende fai tempo o mal estado dun tramo de 6 quilómetros, concretamente entre o pk. 12 e o pk. 18 da estrada provincial LU-P- 4404 que comunica Riocabo, -Aldurfe e As Rodrigas; xa que presenta importantes baches e socavóns e unha sinalización moi deteriorada.

A situación é similar, ou se cabe peor, no tramo vello da estrada provincial LU-P-2801 (duns 3 quilómetros aproximadamente de lonxitude), concretamente dende o Mazo ata o Val.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que comprobe o estado destas vías de titularidade provincial ao seu paso polo municipio de Riotorto e que leve a cabo as xestións oportunas para executar na maior brevidade posible as actuacións de mellora que sexan precisas.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	23/26



Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á mellora e mantemento do Pazo dos Deportes, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O CB Breogán é un dos sinais de identidade de Lugo e da provincia, cunha longa traxectoria na Liga ACB, a liga de baloncesto máis importante de Europa, na que tamén militará a vindeira campaña, incluso xogando competicións europeas nas últimas campañas.

Un club co que a Deputación de Lugo estivo historicamente implicada de xeito moi estreito.

De feito, o club xoga os seus encontros oficiais no Pazo Provincial dos Deportes, un pavillón de titularidade provincial no que, co paso dos anos, cada vez é máis evidente a necesidade de realizar determinadas melloras.

Neste Grupo Provincial, do mesmo xeito que o goberno provincial, somos coñecedores das deficiencias desta instalación, cada vez máis notorias e que xeran queixas entre os afeccionados porque, ao igual que eles, tamén sufrimos estes inconvenientes cada vez que o equipo xoga como local.

Entre outras actuacións, é preciso renovar o sistema de climatización xa que no inverno nótase frío e na primavera e verán demasiada calor. Deberíase mellorar o sistema audiovisual e, visto o gran tirón que ten o equipo entre os afeccionados, estudar a posibilidade de aumentar aforo, se é posible.


Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

O goberno provincial acometa un plan de mellora do mantemento e actualización do Pazo Provincial dos Deportes que contemple actuacións en eidos como os sistemas audiovisuais e de climatización e a posibilidade de aumentar o aforo do Pazo Provincial dos Deportes de Lugo”.

PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa as embarcacións de rutas fluviais, que textualmente di o seguinte:

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	24/26





“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte PREGUNTA

As rutas fluviais son un dos moitos atractivos turísticos da Ribeira Sacra. A Deputación de Lugo, cun un goberno do PP a fronte, foi a primeira administración en poñer en marcha este servizo nesta zona a mediados dos anos 90 con embarcacións, nalgún caso, que se empregaran na Expo’92 de Sevilla.

Lamentablemente o goberno bipartito a penas levou a cabo melloras no servizo, nin respecto as rutas nin respecto ás embarcacións.

O catamarán Pelegrín I, que fai anos realizaba a ruta entre Los Robles e Acea do Rei Chiquito, afundiou no río Miño en decembro de 2019, tras moitos meses abandono por parte de gobernos presididos por PSOE e BNG, e, tras complexas peripecias para contratar o seu rescate, finalmente, por decisión do goberno bipartito, foi trasladado a terreos da Deputación en Begonte, onde leva máis de catro anos varado nun prado completando o seu proceso de deterioro.

Os diferentes gobernos de PSOE e BNG tampouco investiron na adquisición de novas embarcacións e moi pouco na mellora das existentes (Pelegrín II, Pelegrín III, Mencía e monocasco Cañón del Sil), evidenciando un total desinterese por melloralas para garantir un mellor servizo aos usuarios e por amosar un maior respecto ao medio ambiente nun entorno que aspira a converterse en Patrimonio da Humanidade.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno Provincial renovar a flota de embarcacións ou realizar melloras e actualizacións nas existentes?”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás deficiencias detectadas no parque de bombeiros de Barreiros, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte PREGUNTA

Os bombeiros do parque comarcal de Barreiros trasladaron durante unha xuntanza con deputados deste Grupo eivas e deficiencias coas que teñen convivir a diario no desenvolvemento do seu traballo.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	25/26



Problemas mecánicos notificados dende o ano pasado e sen resolver durante meses, fallos nos sistemas eléctricos dos vehículos que en ocasións impiden elevar a autoescada, falta de potencia que non lles permite pasar dos 30km/h en subida alargando o tempo de resposta, abandono no mantemento das instalacións son algunhas das numerosas deficiencias detectadas.

Tras o pleno do Consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento celebrado o 23 de maio no que se aprobou modificar o orzamento vía suplemento de crédito por importe de 902.886,63 € procedentes de remanentes (fondos sen executar en exercicios anteriores), constatouse que as deficiencias non foron solucionadas debido á falta de vontade e á mala xestión por parte da xerencia, nomeada a proposta da Deputación de Lugo.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto o Presidente do Consorcio para poñer fin ás deficiencias denunciadas nos parques comarcais coma as denunciadas no de Barreiros?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240528&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Fecha y Hora	10/06/2024 14:34:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XESCKPXRZKTXL5UNXOTZGHY	Página	26/26

